

100

GALICIA CEN

Obxectos para contar unha cultura

Edición a cargo de
Ramón Villares



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**



EXPOSICIÓN

ORGANIZA

Consello da Cultura Galega

COLABORAN

Abanca
Afundación

COMISARIO

Manuel Gago

COMITÉ ASESOR

Presidente

Ramón Villares

Membros

Carlota Álvarez Basso

José Miguel Andrade Cernadas

Fernando Bouza

Felipe Criado Boado

Guillermo Escrigas

Lourenzo Fernández Prieto

Pegerto Saavedra

Dolores Vilavedra

COORDINACIÓN DA EXPOSICIÓN

Rocío Figueroa Guisande

XERENCIA

Marcelino X. Fernández Santiago

DESEÑO DE MONTAXE

Pepe Barro

MONTAXE

Puntouparte

FOTOGRAFÍAS

José Caruncho: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 12, 13, 14, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 24, 25, 26, 27, 28, 30, 31, 33, 34, 35, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 94, 96, 97, 98, 100

Museo Arqueolóxico de Ourense: 11, 16

Staatliche Museen zu Berlin. Alemaña: 15

Archivo Histórico Nacional. Madrid: 23

Alfredo Erias Martínez: 29

Real Biblioteca del Palacio Real (Patrimonio Nacional).

Madrid: 32

Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela: 36, 96

Real Academia Galega. A Coruña: 60

Centro Galego de Artes da Imaxe. A Coruña: 71

Enrique Touriño / MARCO (Museo de Arte

Contemporánea de Vigo): 84

Museo de Belas Artes da Coruña: 85

Llorenç Soler / Centro Galego de Artes da Imaxe.

A Coruña: 93

Biblioteca Pública da Coruña Miguel Ángel Garcés: 95

Lugami, Artes Gráficas. Betanzos: 99

ANIMACIÓN AUDIOVISUAL DE OBXECTOS

Producións Audiovisuais: I DO VISUAL

Fran X. Rodríguez: Dirección

Roi Gil: Posproducción de sonido

Beni Ferreiro: Música

Luis Batalla: Debuxos

AUDIOVISUAIS

Toño Chouza: Dirección

Pablo Chouza: Dirección de fotografía

Pablo Chouza: Sonido

Manuel Silva: Animación

Álvaro Robles: Cor

Beni Ferreiro: Música

VERSIÓN INTERACTIVA

Ozono Multimedia

MODELOS 3D

Patricia Mañana Borrazás

Alejandro Güimil Fariña

BANDA SONORA

Beni Ferreiro

REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Cristina Río López

TRADUCIÓNS

Cristina Río López

COMUNICACIÓN E MARKETING

Comunicación do Consello da Cultura Galega

Comunicación e Marketing de Afundación

PUBLICACIÓN

EDITOR

Ramón Villares

COORDINADOR

Manuel Gago

PRODUCCIÓN

Rocío Figueroa Guisande

DESEÑO

Pepe Barro

MAQUETACIÓN

Susana G. Diz

(Mazaira grafismo)

IMPRIME

Tórculo Comunicación Gráfica

Dupondio da *caetra*

Lugo

27 a. C. - 23 a. C.

Museo Provincial de Lugo

Dupondio da *caetra*

Esta moeda de bronce da serie coñecida como da *caetra* ou *castrensis* apareceu durante as escavacións arqueolóxicas realizadas en 1986 na praza de Santo Domingo, na cidade de Lugo. Mostra un anverso co retrato e a titulación do emperador Augusto (31 a. C. - 14 d. C.) e un reverso ricamente decorado no que un escudo redondo (*caetra*) cruzado por dúas lanzas (*soliferra*) ocupa o lugar central e unha espada curva (*falcata*) e un puñal recto (*parazonium*, *pugio*) se sitúan aos seus lados. Todos estes elementos se identifican coa panoplia dos guerreiros indíxenas hispanos, en particular os das rexións montañosas setentrionais e occidentais. Deste modo, a emisión puido ter tamén unha finalidade propagandística, ao reivindicarse o novo sistema político imperial e a figura de Augusto como conquistador dos hispanos no seu conxunto.

Con todo, a moeda da *caetra* debeu de ser acuñada en primeira instancia para cubrir as necesidades do exército romano despregado durante as guerras cántabro-ástures (26-19 a. C.). Nestes momentos, non téndose culminado a anexión efectiva do noroeste peninsular, a circulación monetaria tivo que ser practicamente residual na rexión e non deberon de existir tampouco cecas, polo que o Estado romano tomou a decisión de acuñar unha nova moeda a escala local para engraxar a súa maquinaria de guerra. Trátase dunha emisión de moeda imperial e castrense, principalmente en bronce, pois eran as pezas máis adecuadas para os pequenos intercambios. Conta cunha serie «oficial» (27-23 a. C.) composta por sestercios (moi escasos), dupondios (pouco abundantes) e ases (moeda corrente) e outra de imitación ou «barbárica» (post. 23 a. C.) integrada unicamente por ases. En tempos recentes tense defendido a existencia de numerario en prata (denarios) dentro do primeiro conxunto.

As moedas desta serie oficial atópanse con bastante frecuencia nos grandes asentamentos militares de época medioaugustea (Rosinos de Vidriales,



Herrera de Pisuerga) e no ámbito das cidades que actuarán no futuro como capitais conventuais do noroeste: *Lucus Augusti* (Lugo), *Bracara Augusta* (Braga) e *Asturica Augusta* (Astorga). Existen indicios ademais que poderían sinalar a cidade de Lugo como o lugar no que é probable que se asentase a ceca produtora: non só é nesta cidade onde apareceu un maior número de exemplares, senón que alén disto, durante as escavacións realizadas na praza de Santo Domingo e no solar de Simeón, foron achados dous cospeis sen acuñar con idéntica metroloxía. Así pois, poderíamos estar ante a primeira emisión numismática na historia de Galicia.

É a partir destes primeiros asentamentos estables militares e civís como se instala o poder romano na rexión, co cal se inicia a construción dunha nova paisaxe máis xerarquizada e que responde ás necesidades de explotación do territorio e os seus recursos naturais. A moeda comeza a fluír agora a través das vellas rutas e as novas estradas que conectan os distintos núcleos de poder, ben como medio de intercambio, ben para o pago do tributo. É así como estas pezas aparecen tamén nuns castros indíxenas que comezan a vivir un irreversible proceso de transformación política, cultural, económica e social.

Ao ser os primeiros exemplares que popularizaron o emprego da moeda no noroeste, as pezas da *caetra* conservaron certo prestixio e unha ampla aceptación na rexión. Isto explica que se chegasen a producir imitacións oficiosas, formalmente máis rudas. Con todo, a circulación dos exemplares «toscos» será máis extensa e a súa acuñación seguirá producíndose moitos anos despois de rematadas as guerras no norte, tanto para pagar aos soldados como para os restantes usos civís.

Co paso das décadas, a chegada de novo numerario procedente das cidades do val do Ebro ou do sur peninsular desprazará paulatinamente estas producións cedas. Porén, no momento de seren mobilizados novamente, moitos dos soldados destacados en Hispania nos primeiros tempos do Imperio levarán consigo algunhas destas moedas, e é así como aparecen en xacementos da afastada Xermania.